

## **Anexo I**

da acta do Consello de Dirección do 16 de novembro de 2016

**Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020**

No procedemento correspondente á convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, que se tramitou de conformidade coas bases reguladoras aprobadas polo Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016, tivéronse en conta os seguintes feitos e fundamentos xurídicos:

### **Feitos**

**Primeiro.** Todas as candidaturas se presentaron dentro do prazo sinalado no

apartado segundo do acordo do Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016.

**Segundo.** O 14 de novembro de 2016 reuniuse a comisión de selección prevista na epígrafe *XIII. Procedemento de selección* das citadas bases reguladoras. Logo da análise dos informes do subdirector de Relacións cos GDR e da demais documentación sobre a instrución levada a cabo pola subdirección xestora da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020, a citada comisión acordou proporlle ao Consello de Dirección da Agader a resolución do procedemento de selección, segundo consta na acta da reunión.

### **Fundamentos xurídicos**

**Primeiro.** As bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, así como a convocatoria do correspondente proceso de selección, aprobounas o Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016 e publicáronse en virtude da Resolución do 11 de febreiro de 2016 (*DOG* nº 42, do 2 de marzo). A epígrafe *XIII. Procedemento de selección* das citadas bases reguladoras prevé a constitución da comisión de selección que debe valorar as estratexias de desenvolvemento local e propoñerlle ao Consello de Dirección da Agader a resolución do procedemento de selección das citadas estratexias e dos correspondentes grupos de desenvolvemento rural (GDR).

Tendo en conta o que antecede, de conformidade coas bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, así como coa convocatoria do correspondente proceso de selección, aprobadas no Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016, e mais coa proposta de resolución formulada o 14 de novembro de 2016 pola comisión de selección, o Consello de Dirección da Agader

### **RESOLVE:**

#### **1.-Selección dos grupos de desenvolvemento rural e das estratexias de desenvolvemento local:**

A) Seleccionar, tendo en conta a motivación e a información contidas nos anexos I e II deste acordo, as seguintes asociacións candidatas como grupos de desenvolvemento rural (GDR) e, polo tanto, como entidades colaboradoras de Agader na xestión da medida Leader de Galicia, así como as súas estratexias de desenvolvemento local:

	<b>ORGANIZACIÓN CANDIDATA</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (MUNICIPIOS)</b>
1	GDR 1: Asociación Terras de Miranda.	Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Orol, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove.
2	GDR 2: Asociación de desenvolvemento comarca de Terra Cha.	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade.

3	GDR 3: Asociación de desenvolvemento rural Montes e Vales Orientais.	Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Láncara, Meira, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Pedrafita do Cebreiro, Pol, A Pontenova, Ribeira de Piquín.
4	GDR 4: Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo.	Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade.
5	GDR 5: Asociación Miño-Ulla.	Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, Portomarín, Sarria, Taboada.
6	GDR 6: Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel.	As Nogais, Bóveda, Folgoso do Courel, O Incio, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos, O Saviñao, Sober, Triacastela.
7	GDR 7: Asociación GDR Valdeorras.	O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga, Vilamartín de Valdeorras.
8	GDR 8: Asociación para o desenvolvemento rural Sil-Bibei-Navea.	Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Montederramo, Parada de Sil, A Pobra de Trives, San Xoán de Río, A Teixeira, Viana do Bolo, Vilariño de Conso.
9	GDR 9: Asociación Monteval	Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Ríos, Verín, Vilardevós.
10	GDR 10: Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia GDR10	Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, A Bola, Os Blancos, Calvos de Randín, Celanova, Entrimo, Lobeira, Lobios, Maceda, Muíños, A Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, Trasmiras, Vereia, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo da Limia, Xunqueira de Ambía
11	GDR 11: Asociación de desenvolvemento rural da comarca de Ourense (ADERCOU)	Amoeiro, Barbadás, Cartelle, Coles, Esgos, Gomesende, A Merca, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Ramirás, San Cibrao das Viñas, Toén, Vilamarín, Xunqueira de Espadañedo

12	GDR 12: Asociación Carballiño Ribeiro	Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, O Irixe, Leiro, Maside, Melón, Padrenda, Piñor, Pontedeira, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cristovo de Cea.
13	GDR 13: Asociación Condado-Paradanta.	Arbo, A Cañiza, O Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño.
14	GDR 14: Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo – Baixo Miño	Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño, Tui.
15	GDR 15: Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Morrazo	Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cerdedo, Cotobade, A Lama, Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Soutomaior, Vilaboa.
16	GDR 16: Asociación de desenvolvemento rural Terras de Pontevedra Norte	Agolada, Dozón, A Estrada, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces.
17	GDR 17: Asociación Grupo de desenvolvemento rural Salnés-Ulla Umia	Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.
18	GDR 18: Asociación de desenvolvemento local DELOA	Boiro, Dodro, Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois.
19	GDR 19: Asociación Terras de Compostela	Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra, Vedra.
20	GDR 20: Asociación Grupo de Desenvolvemento rural Ulla Tambre Mandeo.	Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro, Vilasantar
21	GDR 21: Asociación de desenvolvemento da comarca de Ordes.	Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo.

22	GDR 22: Asociación Costa da Morte-GDR	Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo, Zas.
23	GDR 23: Asociación Mariñas-Betanzos	Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada.
24	GDR 24: Asociación SEITURA 22	Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugar dos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño, Vilarmaior.

A selección anterior queda condicionada a que todas as asociacións candidatas adecúen os procedementos de selección de proxectos á *parte V. Normas para a xestión da estratexia de desenvolvemento local do Anexo III. Contido e estrutura da estratexia de desenvolvemento local das bases reguladoras.*

A aprobación definitiva deses procedementos corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Agader, por delegación do Consello de Dirección, conforme ao acordo sobre delegacións do 11 de xullo de 2013, que se publicou en virtude da Resolución do 24 de xullo de 2013 (*DOG nº 148, do 5 de agosto*).

A selección de estratexias de desenvolvemento local e de GDR non implica que sexan subvencionables todas as actuacións previstas nas citadas estratexias. No caso de discrepancia das estratexias coas regras contidas nas bases reguladoras, estas serán de aplicación preferente e os GDR deberán facer as modificacións axeitadas nas estratexias.

B) Non seleccionar como GDR a asociación candidata a GDR 4 “Terras de Lugo”, dado que non cumpre coa condición de admisibilidade sinalada no apartado I, letra b), da epígrafe *III. Grupos de desenvolvemento rural* das bases reguladoras, no que respecta á obriga de ter como asociados a maioría de concellos do territorio obxecto da estratexia, xa que dentro da súa asemblea non conta con eles como asociados.

## **2.- Concesión da axuda preparatoria:**

A) Concederlles a axuda preparatoria ás asociacións candidatas seleccionadas, conforme ao disposto nas bases reguladoras na epígrafe *VII. Estratexias de desenvolvemento local*.

A axuda preparatoria satisfarase con cargo á conta orzamentaria 01/01 01/19/10 656811 e cofinanciase do seguinte xeito: o 75% co fondo Feader, o 2,5% con fondos da Administración xeral do Estado e o 22,5% con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) Denegarlle a axuda preparatoria á asociación “Terras de Lugo”, dado que esta candidatura non cumpre coas condicións de admisibilidade previstas nas bases reguladoras.

## **3.- Asignación inicial de fondos aos GDR:**

A) Ter en conta os datos e consideracións que se indican a continuación para realizar a asignación inicial de fondos.

A medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020 ten prevista a cantidade de 84.000.000 € de gasto público total (63.000.000 do fondo Feader).

O reparto entre submedidas desa medida é o seguinte:

19.1: Apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local.

Gasto público total: 320.000,00 €, coa previsión dun máximo de 13.300 € de gasto público total para a elaboración de cada unha das estratexias.

19.2: Implantación de operacións.

Gasto público total: 62.160.000,00 €.

19.3: Cooperación.

Gasto público total: 840.000,00 €.

Os GDR non poderán seleccionar ou promover directamente proxectos de cooperación, senón que será a Autoridade de Xestión quen utilice eses fondos para convocar as axudas para apoiar os proxectos de cooperación interterritorial e transnacional que promovan os GDR.

19.4: Custes correntes da estratexia de desenvolvemento rural e Animación e difusión/promoción territorial.

Gasto público total: 20.680.000,00 €.

Por todo iso, para a asignación de fondos por GDR débense restar os fondos correspondentes ás medidas 19.1 e 19.3. Así mesmo, débense restar os fondos correspondentes á medida 19.2 destinados ao cumprimento de compromisos derivados do período de programación Leader 2007-2013, que ascenden a 669.658,00 €.

En suma, a contía para a asignación inicial é de 82.170.342,00 €.

A comisión de valoración asignou as puntuacións para cada unha das estratexias de desenvolvemento local en virtude dos criterios establecidos nas bases reguladoras e asumindo como propia a forma de asignación de puntos indicados no informe sobre este aspecto asinado o 14 de novembro de 2016 polo subdirector de Relacións cos GDR.



Tal e como se indica no apartado 1, epígrafe VII.- *As estratexias de desenvolvemento local*, das bases reguladoras, para o reparto dos fondos teranse en conta tres variables:

- Tres millóns de euros como mínimo para cada un dos territorios.
- Cinco millóns de euros máximo para cada territorio.
- A puntuación acadada na valoración das estratexias.

Tendo en conta o que antecede, a fórmula matemática que usou a comisión de selección para o reparto inicial de fondos foi a seguinte:

$$\text{Fondos asignados} = \frac{\text{Fondos totais para repartir}}{\text{Total de puntos asignados aos GDR}} \times \text{puntos asignados a cada GDR}$$

Tendo en conta que todas as estratexias seleccionadas teñen que acadar unha dotación mínima de 3 millóns de euros, no caso de que algunha ou algunhas delas non chegaran á dotación mínima unha vez aplicada a fórmula antedita, calculouse o importe global necesario para complementar as dotacións das estratexias que non alcanzaron o mínimo ata xusto os 3 millóns de euros cada unha. Unha vez calculado este importe, calculouse, á súa vez, a porcentaxe que este importe (o necesario para cumprimentar as estratexias ata o mínimo) supón con respecto ao total de fondos públicos obxecto de reparto. Unha vez calculada esta porcentaxe, aplicouse esta mesma porcentaxe de redución a todas e cada unha das candidaturas que superaran os 3 millóns de euros inicialmente.

B) Realizar a seguinte asignación inicial de fondos para cada un dos GDR seleccionados:

<b>GDR</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>REPARTO (€)</b>
<b>GDR 01</b>	TERRAS DE MIRANDA	<b>3.000.000,00</b>
<b>GDR 02</b>	TERRA CHA	<b>3.990.451,42</b>
<b>GDR 03</b>	Montes e Vales	<b>4.645.714,39</b>
<b>GDR 04</b>	LUGO	<b>3.048.179,73</b>
<b>GDR 05</b>	MIÑO ULLA	<b>3.496.796,43</b>
<b>GDR 06</b>	RIBEIRA SACRA	<b>4.373.424,07</b>
<b>GDR 07</b>	VALDEORRAS	<b>3.555.375,64</b>
<b>GDR 08</b>	SIL BIBEI NAVEA	<b>4.530.910,90</b>
<b>GDR 09</b>	MONTEVAL	<b>3.444.693,31</b>
<b>GDR 10</b>	A LIMIA ARNOIA	<b>3.819.129,29</b>
<b>GDR 11</b>	ADERCOU	<b>3.048.179,73</b>
<b>GDR 12</b>	CARBALLIÑO RIBEIRO	<b>3.250.410,48</b>
<b>GDR 13</b>	CONDADO PARADANTA	<b>3.000.000,00</b>
<b>GDR 14</b>	BAIXO MIÑO	<b>3.033.755,70</b>
<b>GDR 15</b>	PONTEVEDRA MORRAZO	<b>3.137.373,21</b>
<b>GDR 16</b>	PONTEVEDRA NORTE	<b>3.704.325,80</b>
<b>GDR 17</b>	SALNES ULLA UMIA	<b>3.000.000,00</b>
<b>GDR 18</b>	DELOA	<b>3.000.000,00</b>
<b>GDR 19</b>	TERRAS DE COMPOSTELA	<b>3.000.000,00</b>
<b>GDR 20</b>	ULLA TAMBRE MANDEO	<b>3.256.003,47</b>
<b>GDR 21</b>	ORDES	<b>3.013.444,32</b>
<b>GDR 22</b>	COSTA DA MORTE	<b>3.395.533,87</b>
<b>GDR 23</b>	MARIÑAS BETANZOS	<b>3.151.797,23</b>
<b>GDR 24</b>	SEITURA 22	<b>3.274.843,02</b>
<b>TOTAL</b>		<b>82.170.342,01</b>

Contra esta resolución poderá interperse un recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación, ou un recurso contencioso

administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

## Anexo I

do Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Segundo a epígrafe IX. Financiamento das estratexias de desenvolvemento rural das bases reguladoras, a asignación inicial de fondos entre os respectivos GDR realizarase sobre a base de 200 puntos, repartidos en función de:

#### A) 100 puntos

**a) SUPERFICIE:** peso da superficie do territorio do GDR respecto ao total da superficie elixible na medida Leader de Galicia 2014-2020. A maior superficie, maior puntuación (máximo de 30 puntos).

Este criterio aplícase do seguinte xeito. Ao GDR que posúa a maior superficie territorial se lle asignan 30 puntos. Ao resto dos GDR se lle asignan puntos proporcionalmente á superficie do seu territorio en sentido decrecente.

Aplicarase unha regra de tres simple e directa para calcular os puntos:

Superficie do GDR "X" x 30/Superficie do GDR que posúa a maior superficie =  
Puntuación acadada

**b) POBOACIÓN:** porcentaxe que supón a poboación da zona elixible para a estratexia de desenvolvemento local do GDR respecto ao total da poboación de Galicia elixible para a medida Leader de Galicia 2014-2020. A maior poboación, maior puntuación (máximo de 25 puntos).

Este criterio aplícase do seguinte xeito. Ao GDR que posúa a maior poboación se lle asignan 25 puntos. Ao resto dos GDR se lle asignarán puntos proporcionalmente a súa poboación en sentido decrecente.

Aplicarase unha regra de tres simple e directa para calcular os puntos:

Poboación do GDR "X" x 25/Poboación do GDR que posúa a maior poboación  
= Puntuación acadada

**c) DENSIDADE DE POBOACIÓN:** porcentaxe que supón a densidade media do territorio elixible do GDR en relación coa densidade media do territorio elixible do resto dos GDR de Galicia. A menor densidade de poboación, maior puntuación (máximo de 45 puntos).

Este criterio aplícase do seguinte xeito. Ao GDR que posúa a menor densidade se lle asignan 45 puntos. Ao resto dos GDR se lle asignarán puntos inversamente proporcionais á súa densidade de poboación.

Aplicarase unha regra de tres simple e inversa para calcular os puntos:

Densidade do GDR con menor densidade de poboación x 45/densidade do GDR "X" = Puntuación acadada

**B) 100 puntos:**

Puntuación obtida por cada GDR no proceso de selección onde se puntúan dous bloques:

**BLOQUE A: Criterios referidos á estratexia de desenvolvemento local participativo: (50 puntos).**

**1) Grao demostrable de participación na elaboración da estratexia dos axentes públicos e privados do territorio, así como da poboación en xeral: 6 puntos.**

Segundo as bases reguladoras, para que unha estratexia sexa seleccionada debe acadar como mínimo 3 puntos neste apartado.

Poderá valorarse o número de xuntanzas promovidas pola asociación candidata e demostrarse coa exame das actas desas xuntanzas nas que se reflicta que os temas tratados correspóndense coa análise da estratexia proposta polo GDR.

Da puntuación máxima (6 puntos), reservaranse 2 para valorar as xuntanzas do sector público e 4 para os do privado. Como máximo valoraranse 20 xuntanzas no sector privado e 10 no público.

Para que unha estratexia sexa seleccionada deberá acadar un mínimo de puntuación de 3 puntos neste apartado.

No referente a participación do sector privado observaranse para a súa valoración os seguintes pautas:

**A) Básica:**

- Información sobre o programa por parte da asociación candidata
- Diversidade sectores socioeconómicos consultados
- Implicación dos poderes públicos
- Realización de enquisas escritas e/ou *on line*

Mínimo: Polo menos tres destes catro puntos deben cumprirse.

## **B) Complexa**

- Participación dos sectores nas reunións
- Traslado e inclusión de propostas concretas dos sector privado á estratexia

*No caso do sector público comprobouse nas estratexias que todos os grupos consultaron e fixeron participes da redacción das mesmas aos seus respectivos concellos e/ou mancomunidades co cal todos eles son merecedores dos **2 puntos** dedicados a este sector.*

- Cumprimento mínimo da pauta A (mínimo): **2 puntos**
- Cumprimento total pauta A (medio): **3 puntos**
- Cumprimento de un punto pauta B + mínimo A (máximo): **4 puntos**

## **2) Experiencia demostrable da organización candidata, logros obtidos: 3 puntos.**

Os 3 puntos divídense en dous bloques:

A) 1,5 puntos para valorar a experiencia: 0,21 puntos por cada ano de experiencia como GDR en programas anteriores.

Como máximo poderá valorarse ata a puntuación máxima neste apartado: 1,5 puntos.

Nos territorios nos que deba constituírse unha nova asociación por non ser territorios coincidentes con programas anteriores, tomarase de referencia a experiencia dos concellos que integrarán o territorio do GDR. Cando este proceda da fusión de territorios completos beneficiarios do programa Leader 2007-2013, tomaranse de referencia os datos de procedencia facendo unha media entre os territorios de partida. Cando proceda da fusión parcial de varios

territorios, os datos a tomar en consideración procederán da extrapolación dos datos dos territorios de partida no período correspondente ao Leader de Galicia 2007-2013. Esa extrapolación farase tendo en conta os datos da poboación de cada concello referida ao ano 2014.

B) No apartado de logros, para o que se destina un máximo de 1,5 puntos, teranse en conta:

1 punto para o grao de execución. Tendo en conta os GDR que participaran nalgún programa anterior, aquel que acadara a execución do 60% dos fondos inicialmente previstos na estratexia recibirá 0,6 puntos. Cada 10% de execución a maiores, ou fracción, recibe 0,10 puntos adicionais.

Como máximo poderán valorarse ata a puntuación máxima neste apartado: 1 puntos.

0,50 puntos para o nº de expedientes. A organización candidata a obter a condición de GDR recibirá 0,08 puntos por cada 30 expedientes tramitados, ou fracción .

Como máximo poderán valorarse ata a puntuación máxima nesta apartado: 0,50 puntos.

Para os territorios froito da agregación total o parcial dos territorios de GDR anteriores, utilizarase como regra o exposto no aptdo. A s anterior.

**3) Claridade e credibilidade no establecemento dos obxectivos que se pretenden atinxir coa estratexia, viabilidade desta e coherencia coa análise das necesidades do territorio: 4 puntos.**

Obsérvanse para a súa valoración os seguintes aspectos:



- O establecido na análise DAFO da estratexia é coherente coa potenciación (ponderación) dos criterios de selección establecidos no Baremo, así como co establecido para as limitacións sectoriais. (Ver se ponderan no baremo as necesidades/oportunidades da DAFO).

No caso de grupos con experiencia comparación cos datos anteriores (indicadores similares cunha marxe dun 15%) . Os que non teñen experiencia, tívose en conta os resultados do territorio no pasado Leader. Por exemplo, no caso de Seitura fíxose un calculo ponderado dos resultados de Euroeume e Costa Noroeste.

- Existencia de “proxectos identificados” xunto coa súa cuantificación estimativa.
- Si existen proxecto identificados ver si teñen unha breve descrición do proxecto.
- A estratexia reflicte un cadro completo de indicadores de resultado.
  
- Cumprimento mínimo de 1 aspecto (mínimo) **MÍNIMO: 1 punto**
- Cumprimento de 2-3 aspectos (medio): **2 puntos**
- Cumprimento de 4-5 aspectos (máximo): **3 puntos**

**4) Grao de definición dos proxectos que se considerarán elixibles e dos beneficiarios potenciais: 5 puntos.**

Observáronse para a súa valoración dos seguintes pautas:

### **A) BÁSICA:**

- Identificación de tipoloxías/sectores/actividades concretas e prioritarias de proxectos na estratexia.
- Identificación clara nos criterios de selección (baremo) de proxectos que se consideran prioritarios.

Mínimo: Polo menos recóllense un dos dous aspectos de xeito claro.

### **B) COMPLEXA:**

- Indicación na estratexia de “proxectos identificados” e/ou de “proxectos programados”.
- A estratexia reflicte un cadro completo de Indicadores de situación e/ou de contexto.
  
- Cumprimento mínimo da pauta A (mínimo): **1 punto**
- Cumprimento total da pauta A (medio): **3 puntos**
- Cumprimento de alomenos un aspecto da pauta B + mínimo A (máximo): **5 puntos**

### **5) Propostas para os sectores económicos implicados no desenvolvemento do territorio: 3 puntos.**

Para outorgar os 3 puntos deberá haber propostas para todos os sectores económicos descritos na estratexia.

Seguiranse para a súa valoración as seguintes PAUTAS:

### **A) BÁSICA:**

- A estratexia presenta un carácter multisectorial, tanto no que respecta á participación na elaboración da mesma como no que respecta a propostas de cara a mellorar a competitividade de distintos sectores económicos do territorio ( polo menos deberán estar catro sectores económicos implicados ).
- A estratexia presenta unha aposta prioritaria sobre un sector económico concreto e ben definido. Definen accións concretas dirixidas á súa potenciación.
- Potenciación específica e previsión de accións concretas dirixidas aos sectores que supoñan unha transformación e incremento de valor engadido dos produtos sector industrial, industria agroalimentaria, sector servizos, etc.)
- No tocante aos obxectivos e accións concretas previstas na estratexia, existe un equilibrio entre os distintos sectores económicos non considerados prioritarios para o territorio.

Mínimo: Polo menos recóllense na estratexia dous destes aspectos de xeito claro.

### **B) COMPLEXA:**

- Alto grao de concreción acadado nos aspectos da pauta A deste apartado.
- Existencia dun plan de accións concretas que demostren como se van a acadar os obxectivos propostos.
- Prevese no apartado de proxectos formativos promovidos polos GDR para incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio, a

formación en materias que estean relacionadas cos sectores económicos recollidos na estratexia como importantes para o desenvolvemento do territorio.

- Cumprimento mínimo da pauta A (mínimo): **1 punto**
- Cumprimento total da pauta A (medio): **2 puntos**
- Cumprimento de alomenos un aspecto da pauta B + mínimo A (máximo): **3 puntos**

**6) Repercusión da estratexia no emprego, igualdade e integración social do territorio: 6 puntos.**

Seguiranse para a súa valoración as seguintes PAUTAS:

**A) BÁSICA:**

- Previsión da posibilidade de organizar proxectos formativos dirixidos a incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio.
- Alto grao de participación no deseño e preparación da estratexia dos distintos sectores sociais do territorio (asociacións de mulleres, asociacións de acción social, asociacións de mozos, etc.)
- Previsión na estratexia de accións e/ou proxectos concretos que fomenten a inclusión e/ou integración social de colectivos desfavorecidos.
- Peso no baremo proposto polos GDR dos apartados referidos á creación e/ou consolidación de emprego, así como ao emprego de colectivos desfavorecidos.

Mínimo: Polo menos deberán estar presentes dous aspectos de xeito claro na estratexia

## **B) COMPLEXA:**

- Utilización de linguaxe non sexista na redacción da estratexia.
- Transversabilidade en toda a estratexia dos elementos descritos no bloque A deste punto (pódese observar tamén a incidencia nos baremos propostos, obxectivos, indicadores, etc.) – fóra do check list
  
- Cumprimento mínimo da pauta A (mínimo): **1 punto**
- Cumprimento total da pauta A (medio): **3 puntos**
- Cumprimento de alomenos un aspecto da pauta B + mínimo A (máximo): **6 puntos**

## **7) Repercusión da estratexia nos obxectivos transversais de mellora e conservación do ambiente, adaptación e mitigación do cambio climático e da necesidade dunha transición para una sociedade que diminúa as súas emisións de carbono: 4 puntos.**

Seguiranse para a súa valoración as seguintes PAUTAS:

### **A) BÁSICA:**

- Previsión de puntuación nos criterios de selección (baremo) por utilización de enerxías renovables e/ou técnicas de mellora da eficiencia enerxética.
- Previsión de acción encamiñadas a creación e/ou conservación de espazos naturais

- Previsión de accións encamiñadas ao enriquecemento de carbono da terra (agricultura ecolóxica, plantacións de cereais autóctonos, etc.)

Mínimo: Debe preverse un destes aspectos polo menos na estratexia.

### **B) COMPLEXA:**

- Prever a subvencionabilidade (proxectos programados) de investimentos en explotacións agrarias que conleven unha mellora da eficiencia enerxética da explotación en polo menos un 40%.
- Aposta pola creación de proxectos relacionados coa posta en valor da biomasa forestal (fábrica de pellets, etc.)
- Prever no apartado de proxectos formativos promovidos polos GDR para incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio, a formación en materias que estean relacionadas con temas medioambientais, de utilización de enerxías renovables e/ou de técnicas que melloren a eficiencia enerxética.
  
- Cumprimento da pauta A (mínimo): **1 punto**
- Cumprimento total da pauta A (medio): **2 puntos**
- Cumprimento de alomenos un aspecto pauta B + mínimo A (máximo): **4 puntos**

### **8) Grao de innovación da estratexia: 4 puntos.**

